

## DECRETO NÚMERO 17011530 DO 29/12/2017

Ilmo. Sr. Don Miguel Fernández Méndez Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Rural e Deportes.

Instruído o expediente relativo a: CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PREVISTAS NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO POLO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA MEDIANTE CONVENIOS A FAVOR DAS ENTIDADES QUE SE RELACIONAN NA SEGUINTE TABOA, PARA O ANO 2017. ADXUDICACIÓN.

34100.48900 Club Ciclista Cidade de Lugo G27242825 importe 25.000,00€  
34100.48900 C.D. Casás G27038686 importe 4.000,00€  
34100.48900 C.N Portamiñá Lugo G27268531 importe 8.000,00€  
34100.48900 A Venatoria Soc. de Caza e Pesca G27007970 importe 2.000,00€  
34100.48900 S.C.D. Milagrosa G27152131 importe 3.500,00€  
34100.48900 A.D.C. Sagrado Corazón G27183631 importe 3.500,00€  
34100.48900 Círculo das Artes G27006238 importe 1.000,00€  
34100.48900 C.D. Ritmo Lugo G27483676 importe 2.500,00€

### ANTECEDENTES

I.- Informes proposta do departamento de Deportes, relativo á iniciación e adxudicación de subvencións previstas nominativamente no Orzamento polo procedemento de concesión directa mediante convenios a favor das citadas entidades para o ano 2017, por importes reflexados na táboa, incluíndose nos mesmos os textos dos convenios a asinar. A ditos informes proposta deulles a súa conformidade o Xefe do do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, a teor do artigo 65 do RD 887/2006 de 21 de xullo.

II.- Informe da Intervención Municipal, do día 26 de decembro de 2017, referencia 830/2017, relativo á fiscalización da presente fase do expediente.

III. Documentos contables RC que figuran no informe da Intervención Mpal.

Por todo o anteriormente exposto, e de conformidade co establecido no Acordo número 4/455 da Xunta de Goberno Local do día 7 de xullo de 2015, relativo a delegación de atribucións da Xunta de Goberno Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar a concesión das subvencións previstas nominativamente no Orzamento polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor das entidades relacionadas na seguinte táboa, para o ano 2017, cós CIF e importes nela reflexados

34100.48900 Club Ciclista Cidade de Lugo G27242825 importe 25.000,00€

**CONCELLERÍA DE DEPORTES.**

MFM/mirc

Refª: DECRETO-CONCESIÓN SUBV. NOMINATIVAS 17

Asunto:

34100.48900 C.D. Casás G27038686 importe 4.000,00€  
34100.48900 C.N Portamiñá Lugo G27268531 importe 8.000,00€  
34100.48900 A Venatoria Soc. de Caza e Pesca G27007970 importe 2.000,00€  
34100.48900 S.C.D. Milagrosa G27152131 importe 3.500,00€  
34100.48900 A.D.C. Sagrado Corazón G27183631 importe 3.500,00€  
34100.48900 Círculo das Artes G27006238 importe 1.000,00€  
34100.48900 C.D. Ritmo Lugo G27483676 importe 2.500,00€

SEGUNDO. Aprobar os textos dos convenios de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e as citadas entidades, recollidos nos informes proposta do mencionado departamento.

TERCEIRO. Aprobar a autorización e disposición do gasto con cargo á aplicación orzamentaria 34100.48900 do vixente Orzamento municipal de 2017, a favor das entidades anteriormente relacionadas polas cuantías reseñadas

CUARTO. Notificar a presente resolución ás partes interesadas e ás dependencias municipais afectadas. Contra a devandita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Maila o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer-se o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Alcaldía, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñer-se recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123.2 da Lei 39/2015).

Cúmprase.